



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. José Carlos Cermeño Iglesias
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Alberto Alonso Costas
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D^a Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José M^a Correa Otero
D. Xosé Luís Crespo Castro
D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
D^a M^a do Carmo Henriques Salido
D^a Mónica Iglesias Rodríguez
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Manuel López Iglesias
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. José Mira Penedo
D^a Camino Noia Campos
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Mariano P-Mnez. e P-Amor
D^a Verónica Piñeiro Fernández
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José Angel Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
D. Fco. José Vázquez Núñez
D^a M^a Teresa Viñas Gil
D. José A. Veiro García (CC.OO.)
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vinte e catro de maio de mil novecentos noventa e seis, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O venres, **día 24 de maio de 1996**, ás 10.45 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior.
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Proposta de concesión, a título póstumo, da medalla de ouro da Universidade a D. Armando Priegue Guerra.
- 4º.- Aprobación, se procede, de proposta de creación de Departamentos.
- 5º.- Asuntos de Profesorado: Prazas BOE, Transformacións e Permisos.
- 6º.- Aprobación, se procede, de convenios con "Construcións Malvar", "Consellería de Pesca" e "Fundación Estrella del Sur", baseándose no Acordo-marco aprobado pola Xunta de Goberno de 22-12-95.
- 7º.- Aprobación, se procede, do curso Máster de Intervención Familiar.
- 8º.- Rogos e preguntas.

Presidiu a sesión o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez e actuou como Secretario, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a Acta da sesión do 19-04-96.

No **punto 2**, informa o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Pardellas de Blas sobre as prácticas profesionais de Alumnos.

No **punto 3**, apróbase, trala petición do Consello Social, a concesión a título póstumo, da medalla de ouro da Universidade a D. Armando Priegue Guerra.

D^a M^a do Carmo Henriques Salido "pide que as medallas se outorguen en vida" e de D. Mariano Pérez-Martínez e Pérez-Amor di que "é unha verdadeira mágoa que esta Universidade non concedera a medalla fai cinco anos, impulsando a posta en funcionamento a Escola de Fundición que era unha das súas máis queridas ideas".

No **punto 4**, informa o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, acordándose que primeiro se tratará a regulamentación e posteriormente aprobaranse os Departamentos, ámbito por ámbito.

Apróbase a regulamentación xeral (anexo I).

Expóñense as peticións das áreas e a proposta da COAV (anexo II).

Comézase polo ámbito de HUMANIDADES.

-Departamento de "Expresión Artística", apróbase.

-Departamento de "Historia, Arte e Xeografía", apróbase.

-Departamento de "Lingüística e Literatura", prodúcese un debate propoñendo que a área de "Didáctica da Lingua e a Literatura", que é do ámbito Xurídico-Social pase ó Departamento de "Didácticas Especiais".

O actual Director do Departamento de "Didácticas Especiais", D. Gerardo Salgado Valdés, entrega un escrito para que conste en acta (anexo III).

D. Joél Fernández Soto, manifesta que *"con relación ó punto 4º da Orde do día e unha vez lido o apartado que di, A Comisión Académica e Validacións (COAV), en reunións celebradas os días 19 de marzo e 15 de maio de 1996, e unha vez realizado o proceso de consulta ás áreas de coñecemento, acordou elevar á Xunta de Goberno a proposta de estrutura departamental exposta no Anexo I, en base ás seguintes consideracións: Ámbito científico: Tecnolóxico -Departamento de Deseño na Enxeñería (departamento con modificacións): -Petición da área, -Petición de incorporar a área 720, -Proposta da COAV de incorporación da área 515, ACORDA por unanimidade opoñerse ó proceso de estrutura departamental por incumpli-lo proceso de consulta á área de Expresión Gráfica na Enxeñería deste Departamento"*.

Prodúcese unha votación para ver se se acepta a proposta da COAV:

-votos a favor da proposta:	14
-votos en contra:	20
-votos en branco:	4

Como a modificación afecta ós Departamentos propostos de Filoloxía do ámbito de Humanidades e o Departamento do ámbito Xurídico-Social, ámbolos ámbitos devólvense á COAV para que presente unha nova proposta.

Ámbito TECNOLÓXICO.

-Departamento de "Expresión Gráfica na Enxeñería", pídese o cambio de nome por "Deseño na Enxeñería"; algúns membros de Xunta de Goberno non están de acordo con que se inclúa no Departamento a área de "Enxeñería dos Procesos de Fabricación".

Prodúcese unha votación:

-votos a favor proposta da COAV:	19
-votos en contra:	6
-votos en branco:	5

Apróbase o Departamento co nome de "Deseño na Enxeñería"

-Departamento de "Física Aplicada", apróbase.

-Departamento de Enxeñería Eléctrica", apróbase.

-Departamento de "Enxeñería Mecánica, de Enerxía e de Fluídos", apróbase co nome de "Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos".

O resto, Departamentos de "Enxeñería Química", "Enxeñería dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcións", "Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente", "Enxeñería de Sistemas e Automática", "Linguaxes e Sistemas Informáticos", "Matemática Aplicada", "Tecnoloxía Electrónica" e "Tecnoloxía das Comunicacións", apróbanse.

Ámbito EXPERIMENTAL.

Os Departamentos de "Bioloxía Animal e Ecoloxía", "Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde", "Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía", "Estatística e Investigación Operativa", "Química Analítica e Alimentaria", "Química Física e Química Orgánica", "Química Inorgánica", "Bioloxía Vexetal e Edafoloxía", apróbanse.

-Departamento de "Estratigrafía e Xeodinámica", apróbase co nome de "Oceanografía Xeolóxica e Ordenación do Territorio".

-Departamento de "Matemática Fundamental", apróbase.

Apróbase a posibilidade de modifica-los nomes dos departamentos aprobados nunha próxima Xunta de Goberno, na que se trate o tema de Departamentos.

Apróbanse os ámbitos TECNOLÓXICO e EXPERIMENTAL (anexo IV).

Intervencións e suxestións á COAV.

-D^a Camino Noia Campos, pide que a área de Filoloxía Galega e Portuguesa forme Departamento coas áreas de Filoloxía Francesa e Eslava.

-D^a M^a do Carmo Henríquez Salido, pide que a área de Filoloxía Española forme Departamento de acordo cos artigos 13, 16, 19.1 e 19.2 dos Estatutos; propón que Filoloxía Galega e Portuguesa forme Departamento con Filoloxía Francesa e Filoloxía Latina; Lingüística aplicada á Tradución, Lingüística Xeral e Teoría da Literatura forme grupo propio.

Destaca que o problema dos Departamentos de Filoloxía é de sensibilidade política.

-D. Alberto Gago Rodríguez, pide que a área de "Dereito Financeiro e Tributario" se inclúa no Departamento de "Economía Aplicada".

-D. Cecilio Huarte Galván, pide que o Departamento de "Economía Financeira e Contabilidade se divida en dous; entrega un escrito para que conste en acta (anexo V).

Neste intre, D. José Sampayo Fernández pide que se trate de seguido o punto 7 da Orde do día; accédese á petición.

No **punto 7** e por parte de distintos membros da Xunta de Goberno, se pide a retirada do punto e que se volva facer outra proposta por parte da Facultade de Humanidades; acéptase.

No **punto 5**, Asuntos de Profesorado, apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

D01	800	TIT-UN	Vigo	Santos Mejía, David José
D03	795	TIT-UN	Vigo	González Maestro, Jesús
D03	795	TIT-UN	Vigo	Becerra Suárez, Carmen
D05	785	TIT-UN	Vigo	Alvarez Ruíz de Ojeda, Jacobo
D08	480	TIT-UN	Vigo	Losada Alvarez, Abel F.
D09	095	TIT-UN	Ourense	Fraiz Brea, José Antonio
D11	385	TIT-UN	Ourense	Carballo González, Enrique
D18	220	TIT-UN	Vigo	López Pérez, Jesús
D30	265	CAT-EU	Vigo	García Soidán, Pilar

Apróbase a transformación das seguintes prazas:

D01	800	Gómez Alcalá, Rafael	de PP1 a TIT-UN(I)
D01	800	García Sánchez, Manuel	de PP1 a TIT-UN(I)
D01	800	Rodríguez Banga, Eduardo	de PP1 a TIT-UN(I)
D01	800	Fernández Barciela, Mónica	de PP1 a TIT-UN(I)
D03	573	Díaz Fouces, Oscar	de PP2 a TIT-UN(I)
D11	385	Chiussi, Stefano	de PP1 a PP2
D11	400	Varela Benvenuto, Ramiro A.	de PP1 a PP2
D13	060	Sanjuan Serrano, Fuencisla	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
D13	410	Lamas Castro, José Antonio	de PP1 a PP2
D13	410	Soengas Fernández, José Luis	de PP1 a PP2
D13	410	Alvarez Villamarín, M ^a Clara	de PP1 a PP2
D18	055	González Rodríguez, Luis	de AXU-UN1 a PP2
D22	065	Cristobal Ortega, M ^a Julia	de PP1 a PP2
D27	760	Rodríguez Arguelles, M ^a Carmen	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

-Alonso González, Xosé Lois	dende 01-07-96 ata 30-09-96
-Iglesias Briones, M ^a Jesús	dende 01-07-96 ata 01-10-96
-Quinteiro Sandomingo, M ^a Carmen	dende 03-01-97 ata 03-07-97
-Lamas Castro, José Antonio	dende 05-06-96 ata 31-12-96
-Martínez Expósito, M ^a José	dende 16-07-96 ata 20-12-96
-Roca Fernández, M ^a José	dende 01-07-96 ata 30-06-97

No **punto 6**, apróbase a sinatura de convenios con "Construccións Malvar", "Consellería de Pesca" e "Fundación Estrella del Sur", baseándose no Acordo-marco aprobado pola Xunta de Goberno de 22-12-95, coa abstención de D^a M^a do Carmo Henriques Salido que pide unha maior información sobre as entidades coas que se asinen convenios.

No **punto 8**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D^a MARGARITA ESTÉVEZ TORANZO.-

- 1) Pregunta cando vanse resolve-los proxectos de Innovación Educativa (*O Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero di que xa están resoltos*).
- 2) Roga que se teña persoal sanitario no Campus de Lagoas-Marcosende (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que estase estudiando o tema*).
- 3) Porque non chegaron ós Centros as follas de crédito descentralizado (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que deber ser unha omisión e achegaranse*).

-D^a M^a DO CARMO HENRÍQUEZ SALIDO.-

- 1) Pide que o Asesor xurídico estudie se se lle pode negar a unha área de coñecemento que ten os mínimos esixidos, que forme departamento.
- 2) Pide que se instalen no Campus de Lagoas-Marcosende, os Vicerrectorados de Profesorado e de Investigación.
- 3) Pregunta polo trámite que deben segui-las renovacións dos profesores asociados (*O Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que este ano cos PODs achegarse unha folla na que, de acordo co artigo 8 do Regulamento de Profesorado, o Departamento informará se renova ós profesores asociados*).

-D^a MÓNICA IGLESIAS RODRÍGUEZ.- Pregunta porque o punto de Información ó estudante está en Ciencias Sociais e non en Forestais que é onde se atopa o Lerd (*O Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero di que se elixiu o punto máis céntrico de Pontevedra*).

-D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS.-

- 1) ¿Cando se nos achegarán os informes xurídicos relativos á aprobación, por parte da Xunta de Goberno, da RPT do persoal funcionario de administración e servizos? Debo recordarlle que a súa resposta a esta mesma pregunta formulada na sesión do 10-11-95, foi que se nos remitirían en cando os tivese; ¿dispón xa de tales informes? (*Contesta o Xerente da Universidade, D. José Carlos Cermeño Iglesias que di que está pedido o informe do Asesor Xurídico*).
- 2) Segundo dispón a disposición transitoria do Regulamento de Persoal de Administración e Servizos, aprobado polo Claustro universitario no mes de novembro último, "As Comisións de Política de Emprego, Formación e Perfeccionamento, Saúde e Seguridade e Seguridade e Acción Social, deberán estar constituídas e poñerse en funcionamento no prazo de tres meses dende a aprobación deste Regulamento polo Claustro universitario. ¿Cando se porán en funcionamento estas Comisións? Nin que dicir ten, que coa súa inexistencia práctica impídese a resolución das cuestións que son competencia delas (*Contesta o Xerente da Universidade manifestando que é o seu desexo poñer en funcionamento estas comisións; así mesmo di que para algunha é preciso te-los nomes das persoas que as constitúen*).
- 3) Sr. Rector, ¿procederá á sinatura por parte da Universidade de Vigo do Convenio Colectivo para o Persoal Laboral das Universidades Públicas de Galicia, na xuntanza do vindeiro luns 27? Polo que vostede ten manifestado, deberemos entender que así será, pero polo sucedido en días pasados non podemos estar tranquilos (*O Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias di que está de acordo co contido do convenio, pero que existe un problema legal relativo á lei de orzamento da Comunidade Autónoma Galega*).

4) O día 15 de xaneiro pasado o Comité de Empresa entregoulle ó Sr. Xerente a nosa proposta de RPT do persoal laboral de administración e servizos para 1996. Ó mesmo tempo, presentámoslle un calendario que permitirá dar cumprimento ós artigos 9 e 10 do Regulamento de PAS, manifestándolle daquela a nosa boa disposición para a negociación, o que sen dúbida redundaría en beneficio da Universidade. ¿Pode adiantarnos cando se iniciará esta negociación xa que levamos máis de catro meses agardando a súa resposta? (*O Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias di que estase a piques de iniciar a negociación*).

Asemade desculpa a súa asistencia ate o remate da sesión da Xunta de Goberno, por "ter que atender as miñas obrigas profesionais".

-D. HORACIO A. VILLAR SUÁREZ.-

- 1) Expresa-la súa protesta pola non contestación ás preguntas da sesión anterior.
- 2) Recentemente a Xunta de Pas funcionario denunciou publicamente o incumprimento do convenio da Prestación Social Substitutoria na Universidade de Vigo, a ausencia reiterada dos prestacionistas nos seus destinos e o desenvolvemento, pola súa parte, de tarefas e funcións propias do PAS. Nunha charla-coloquio celebrada hai pouco na E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación, os delegados de alumnos descoñecían que había na súa delegación un prestacionista, a quen nunca miraron diante. ¿Non merecen respostas estas denuncias, compartidas por outros colectivos, como a Mesa para a Eliminación da Prestación Social, os CAEF, o MOC, a CIG, entre outras? ¿Fíxose algunha investigación ó respecto? ¿Cal é a política do Rectorado, e concretamente, do Vicerrector Vázquez Barquero ó respecto? (*O Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero di que continuará o convenio da Prestación Social Substitutoria*).
- 3) O Sr. Rodríguez Vázquez ven de aprobar unha resolución fixando os criterios de selección e retribución do Pas colaborador nas probas de acceso á Universidade que NON FOI NEGOCIADA cos funcionarios. Isto é un novo incumprimento e un abuso dos dereitos democráticos do PAS. Esiximos a retirada da resolución e a súa inmediata negociación coa Xunta de PAS.
- 4) ¿Cal é a situación do expediente disciplinario incoado ó alumno D. Mario Iglesias, de Belas Artes? ¿Caso de non estar resolto, por que?

-D. LUIS BERNAL CONDE.-

- 1) Pregunta se se vai aprobar igual que o ano pasado, a ampliación de convocatorias nas materias dos planos vellos "en extinción" (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que estase estudiando*).
- 2) Pide se aumente o persoal sanitario no Campus de Lagoas-Marcosende.
- 3) Que se de tempo de abondo para realiza-las prácticas cando haxa exames.
- 4) Pregunta de que depende a Asesoría Xurídica (*O Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto di que depende da Secretaría Xeral*).

-D. XOSÉ LUÍS CRESPO CASTRO.- Pregunta en que fase se atopa o edificio de Dereito de Ourense (*O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza di que o proxecto está rematado e entregado á Xunta de Galicia, que manifestou no Parlamento de Galicia que ten prevista a súa execución en dúas fases*).

-D^a CARMEN BECERRA SUÁREZ.-

- 1) Únese á petición de persoal sanitario para o Campus de Lagoas-Marcosende.
- 2) Pide maior espazo para a Facultade de Humanidades no antigo Colexio Universitario, xa que hai un agravio comparativo coa Facultade de Ciencias, que ten edificio novo (*O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza, di que o tema RAM depende do Vicerrectorado de Economía, non obstante debe facer unha memoria das necesidades e achegala ó Rectorado. O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, indica que o diñeiro do curso 95/96 está todo comprometido*).

3) Pide un servizo de Publicacións máis serio e se é certo que está paralizado por culpa do Regulamento (*O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire que non está paralizado polo Regulamento e que ademais se levara a unha próxima Xunta de Goberno*).

4) Pregunta ó Vicerrector de Profesorado como está a lexislación de Lectores (*O Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que o anexo que regula ós profesores lectores non foi aprobado no Regulamento de Profesorado que se levou ó Claustro Universitario, polo que se rexerán pola normativa aprobada en Xunta de Goberno do 27.02.91*).

-D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL.-

1) Pregunta polo estado da Biblioteca Central, do pavillón de deportes, do axardinamento da Facultade de Ciencias e da reforestación (*O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza contesta que a Biblioteca Central xa está adxudicada; o pavillón de deportes sufriu unha paralización pero está novamente en marcha; sobre o axardiñamento encargouse un estudio previo; no tema da reforestación séguese o plano especial*).

2) Roga que se teña en conta na nova RPT un maior número de prazas de administrativos de departamento e que se suba o nivel dos mesmos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 19 h. do día 24 de maio de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luis Legido Soto